

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTOTERRA.

Santiago de Compostela, a de de 2022.

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. M^a Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte, D. Jacobo Hortas García, Director da Axencia de Protección da Legalidade de Protección Urbanística, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 18 g) do Decreto 2013/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, logo de autorización do seu Consello Executivo, en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2022.

E doutra, D^a. Elena Ampudia Aixendri, na súa condición de Decana-Presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello superior, aprobados polo Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatuto Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior (BOE 89, de 12 de abril de 2018) e o artigo 38 a) do Decreto 105/2016 polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (DOG nº 153 do 12 de agosto).

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

I.- Que é de interese común das partes actuar de forma coordinada para a realización de traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia da incidencia sobre o territorio da actividade humana, no ánimo de acadar unha mellor e maior implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, e incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística.

I.-A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e particularmente en colaboración coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística exerce as competencias de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo, exercendo, entre outras, funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.
- Protección, xestión e ordenación da Paisaxe.
- control do uso do solo, fomentando a utilización racional e ordenada do noso territorio, mediante as actuacións de disciplina urbanística.

II.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desenvolve de xeito estable e continuado, actividades de divulgación e formación dirixidas á cidadanía en xeral, e de xeito específico aos profesionais competentes no exercicio da arquitectura e a ordenación do territorio, así como servizos de asesoría e colaboración estable con organismos e institucións coas que comparten obxectivos e intereses disciplinares.

III.- Por outra parte, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia coa finalidade de contribuír a que a cidadanía perciba a arquitectura, o territorio, a paisaxe como piares básicos da nosa cultura, englobados baixo o concepto de hábitat que será abordado desde unha perspectiva de dereitos, está a desenvolver desde o ano 2000 o «Proxecto TERRA», un proxecto de intervención educativa dirixido ás distintas etapas da Educación Obrigatoria e de Educación Infantil, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que a cidadanía de Galicia debe ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial. Un proxecto concretado na elaboración de recursos educativos sobre arquitectura, territorio, paisaxe, urbanismo e dereito ao hábitat específicos e contextualizados na realidade do noso país e que comparten e dan resposta aos obxectivos e contidos dos currículos vixentes de Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria que conteñen, entre outros, os seguintes fins:

- Identificar e analizar, a diferentes escalas, as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- Obter e seleccionar información utilizando as fontes dispoñibles apropiadas, tratada de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- Valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

IV.-A relación entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia é permanente, xa que as competencias de intervención e ordenación territoriais, urbanísticas, de construción de vivendas, etc. son obxecto de proxectos da area de competencia do colectivo de Arquitectos, o que implica a necesidade permanente de relación e colaboración coa Administración da Comunidade Autónoma. De xeito específico, dende o ano 2003 ata o 2021 a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia mantiveron unha colaboración continuada co obxectivo seguinte:

“Realizar apoio á elaboración de materiais e actividades didácticas e labores de actualización do «Proxecto TERRA», coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos dos

cidadáns en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio”.

Parece polo tanto axeitado, a través do presente acordo, vincular ámbalas dúas institucións, Xunta de Galicia e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para participar na dirección e execución das actuacións obxecto do presente convenio, en aras dunha maior rendibilidade de esforzos no campo da formación e da elaboración de documentos de difusión en materia de ordenación e actuacións sobre o territorio e o medio e, así mesmo, na protección, xestión e ordenación da Paisaxe.

Considerando todo o anterior, as partes manifiestan a súa conformidade para formalizar o presente convenio que establece, as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Xunta de Galicia, mailo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para ampliar, difundir e manter actualizados os contidos do «Proxecto TERRA» realizado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO E INVESTIMENTO PREVISTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para “Dar continuidade ao traballo desenvolvido na Educación Secundaria e na Educación Primaria e Infantil, así como na formación á cidadanía reforzando e consolidando a presenza do Proxecto TERRA e abrindo novas liñas de actuación que permitan optimizar os recursos dispoñibles cara á mellor consecución dos obxectivos que se pretenden, realizando actividades de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre os espazos e lugares que habitamos, a paisaxe e o dereito ao hábitat, sinaladamente mediante asistencia científica e técnica e intercambio de experiencias con fins de formación e información, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da cidadanía en xeral, e dos técnicos e entidades competentes en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio e a súa repercusión na conformación das paisaxes do presente e do futuro”.

Para o cumprimento deste obxectivo establécese a seguinte programación de actuacións para os vindeiros anos 2022 e 2023:

- 1.- Manter e ampliar a oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria, consistentes en visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais.
- 2.- Modificar e axeitar a oferta das actividades complementarias para Educación Primaria co obxectivo de facilitala a súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe deste nivel educativo.
- 3.- Modificar e axeitar a oferta das actividades complementarias Educación Infantil na oferta de actividades complementarias, con obradoiros nos centros de educación infantil.
- 4.- Desenvolver as actividades da iniciativa da APLU “Eu son Inspector@ urbanístic@” en centros educativos, servindo Proxecto Terra como canal e entrada aos mesmos e facilitando a información e oferta desta actividades

5.- Continuar co proceso de revisión e actualización dos materiais e recursos baixo soporte papel e dixital, para a súa integración nas aulas a través das TIC. Actualización e nova creación de materiais audiovisuais formativos e divulgativos do Proxecto TERRA

6.- Revisión dos materiais e recursos educativos desde a perspectiva de xénero e elaboración de novos materiais para Educación Primaria e Secundaria que aborden a arquitectura e urbanismo con especial atención a este enfoque.

7.- Continuar coa formación do profesorado para presentar os recursos educativos actualizados e os de nova creación elaborados para as distintas etapas da educación obrigatoria, realizando cursos de formación incorporados no Plan Anual de Formación do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

8.- Incorporación de novos espazos de formación específica para o profesorado de todas as etapas educativas sobre as diferentes temáticas que aborda o proxecto (paisaxe, educación patrimonial, dereito ao hábitat, cartografías e deseño de espazos educativos).

9.- Realizar actividades de formación específica de monitores e talleristas para desenvolver asesorías e actividades de apoio en centros educativos de Educación Infantil e Educación Primaria en colaboración co profesorado do correspondente nivel educativo.

10.- Manter a presenza do Proxecto TERRA dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, facilitando a participación dos centros inscritos na oferta das actividades complementarias.

11.- Sistematización e divulgación dos traballos realizados polos centros educativos no marco do Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

12.- Continuidade da exposición para celebrar os 20 anos de Proxecto Terra polas principais cidades galegas e acto de clausura da mesma.

13.- Continuar co programa de formación continua da cidadanía co obxectivo de presentar as reflexións multidisciplinares sobre os lugares que habitamos, esencial para acadar unha mellor implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística.

14.- Continuar a visibilización e participación de Proxecto Terra en espazos, redes, colectivos, encontros e congresos nacionais e internacionais vencellados co obxecto do proxecto TERRA e as súas áreas de interese.

O custo total estimado das execucións previstas neste convenio para a consecución dos obxectivos expostos é de **trescentos cincuenta e cinco mil cincocentos cincuenta e cinco euros (355.555,00€)** distribuídos nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2022	133.333,00
2023	222.222,00
TOTAL	355.555,00

SEGUNDA.- OBRIGAS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Asumir a organización das actividades de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre o noso medio construído, sobre a paisaxe galega, e actualizar e ampliar os recursos educativos do «Proxecto TERRA», titularidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia conforme ao previsto na cláusula PRIMEIRA; Para elo, contribuirá con unha achega de **trinta e cinco mil cincocentas cincuenta e cinco euros (35.555,00€)**, equivalente ao 10% do custo das actuacións, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2022	13.333,00
2023	22.222,00
TOTAL	35.555,00

2.- Coordinar e xestionar o envío de todos os recursos elaborados a tódolos centros públicos de Galicia, asumindo así mesmo as labores de organización e difusión das súas actividades complementarias.

3.- Así mesmo, para o desenvolvemento do obxecto, cando se deba realizar o traballo nas oficinas públicas, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nomeará un encargado do mesmo, que dirixirá e organizará a actividade dos traballadores do mesmo alí destacados, controlando, ademais, a execución do servizo, canalizándose a través de tal encargado as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos. Este encargado será o responsable da vixilancia do horario de traballo dos traballadores, das licencias horarias, permisos ou calquera outra manifestación das facultades que lle sexan inherentes como empregador.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

En razón das prestacións deste convenio, a Xunta de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Aportar, como máximo, a cantidade **trescentos vinte mil euros (320.000,00€)**, equivalente ao 90% do custo estimado das actuacións distribuída do seguinte xeito:

a) **140.000,00€** con cargo á aplicación orzamentaria **08.04.521A 640.1** dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2022	30.000,00
2023	110.000,00
TOTAL	140.000,00

b) **180.000,00€** con cargo á aplicación orzamentaria **08.82.521A 640 01** dos Orzamentos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2022	90.000,00
2023	90.000,00
TOTAL	180.000,00

2.- Facilitar o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, se fose o caso, información documental e estatística obrante nas súas dependencias e que considere necesaria para a actualización do «Proxecto TERRA».

3.- A Xunta de Galicia, a través da APLU participará activamente nas accións de concienciación e deseño de materiais escolares, ao tempo que propondrá accións divulgativas e de sensibilización na utilización racional do solo e da protección da paisaxe. Para elo constituirase un grupo de traballo na APLU formado polo persoal que designe o seu Director, co obxecto de fomentar sinerxias de formación e documentación. Entre outras a APLU participará nas actividades complementarias das diferentes etapas de ensino vencelladas ao programa da denominado *“Eu son inspector@ urbanistic@ Coida do territorio.Coida do teu”*.

Para as actividades que o Proxecto Terra desenvolva en colaboración coa APLU, reservarse un mínimo 15% do orzamento total do convenio, esta porcentaxe poderase ampliar de común acordo entre a APLU e Proxecto Terra para realizar actividades de divulgación e sensibilización relacionadas co medio ambiente, a paisaxe e o coidado do territorio. Nesta porcentaxe poderá incluírse material, desprazamentos ou outras colaboracións necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades programadas.

Persoal da APLU asistirá e participará en charlas e reunións que se realizarán nos centros educativos.

Asemade, na accións formativas que desenvolva a APLU, e nas que teña cabida, darase a coñecer o Proxecto TERRA para fomentar a súa difusión.

4.- Facerlle os libramentos ó Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, segundo as cantidades establecidas en cada anualidade á entrega dos traballos, obxecto do presente acordo, segundo as fases e condicións que se establecen de seguido:

FASES DE ABOAMENTO

A).- Anualidade 2022:

- Aboaranse cento vinte mil euros, IVE incluído (**120.000,00€**), contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos os que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao noventa por cento (90%) do custo dos traballos xerados polo desenvolvemento do Proxecto TERRA.



A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do Proxecto TERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan proxecta), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao Proxecto Terra 2022-2023.

O aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2022 será o 15 de decembro de 2022.

B).- Anualidade de 2023:

- Aboaranse douscentos mil euros, IVE incluído (**200.000,00€**), contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos os que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao noventa por cento (90%) do custo dos traballos xerados polo desenvolvemento do Proxecto TERRA.

A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do Proxecto TERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan proxecta), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao Proxecto Terra 2022-2023.

O aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2023 será o 15 de decembro de 2023.

C).- Pagos a conta

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poderá presentar solicitudes de pagos parciais con cargo ás partidas–comprometidos anualmente pola Xunta de Galicia na medida que se produzan cumprimentos de obxectivos parciais xustificados mediante unha memoria na que se acrediten ditos cumprimentos, xunto coas facturas e transferencias bancarias que xustifiquen os gastos relacionados con eles.

D).- Inexistencia de beneficio

- En todo caso as cantidades aboadas o serán para o pago dos gastos que se xustifiquen sen que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia obteña beneficio ou lucro industrial algún.

CUARTA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

QUINTA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

No presente convenio, que ten natureza administrativa, correspóndelle á Xunta de Galicia, previo os informes e actuacións pertinentes, ostentar a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos. A competencia, para coñecer da impugnación dos seus acordos, correspóndelle a xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, composta polos seguintes membros, dous de cada unha das entidades asinantes: a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Subdirector Xeral de Urbanismo pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o Director Xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ou persoa en quen delegue e o subdirector xeral da Axencia e polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asistirán o Coordinador xeral do Proxecto Terra e máis a Tesoureira. Dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- b) Polo transcorrer do tempo estipulado sen que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia xustifique ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística as realizacións obxecto do mesmo.

OITAVA.- PUBLICIDADE.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- RESULTADOS CONXUNTOS

Cos resultados como consecuencia das actuacións previstas neste convenio de colaboración, elaborárase un catálogo e diverso material promocional, continuando na dinámica xa implementada en anos anteriores -agora coa participación activa da APLU- que serán de uso e titularidade común de ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, porén a Administración Xeral da Comunidade Autónoma, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, materiais e manuais, informes e conclusións que se deriven da participación no presente proxecto. En todo caso nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución desta campaña farase sempre referencia ao presente convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó comezo citado.

POLA XUNTA DE GALICIA

Pola Axencia da Protección da
Legalidade Urbanística

Pola Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O Director

A Decana-Presidenta

